

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE XULLO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se modifica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se dispón que cese Alfonso García Magariños como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar a María Isabel Concheiro Rodríguez –Segade.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festa de Galicia de Interese Turístico: a Festa do Mexillón e do Berberecho de Vilanova de Arousa.
- Acordo polo que se aproba o texto do Decreto polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Curtis para a execución da obra: "Actuacións complementarias na rede de saneamento de Curtis. Curtis (A Coruña)", por importe de douscentos setenta e seis mil cento trinta e catro euros con vinte e oito céntimos (276.134,28€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade dos dereitos mineiros do parque eólico Paraño Oeste, situado nos concellos de Beariz (Ourense) e Forcarei (Pontevedra) promovido pola sociedade *Torre de Hércules SL*.
- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Friol, situado no concello de Friol (Lugo) e promovido pola sociedade *Enebro Friol, SLU*.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería Cultura Educación e Ordenación Universitaria, en relación co programa de apoio a á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, por un importe total de seis millóns cincenos tinta e catro mil catrocentos euros (6.534.400,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución de axudas do Programa Galicia Emprende: IG107.
- Informe sobre a estratexia integral de impulso da biomasa forestal en Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre as actuacións de restauración na Catedral de San Martiño de Ourense para o período 2011-2015.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a calidade das augas de consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2013.
- Informe sobre a licitación do centro de Saúde de Cambre.



BENESTAR APLICARÁ A PARTIR DE SETEMBRO A EXENCIÓN TOTAL DA COTA A PARTIR DO SEGUNDO FILLO QUE ACUDA Á MESMA ESCOLA INFANTIL

- *Desta medida da Consellería de Traballo e Benestar beneficiaranse as familias cunha renda *pér cápita* igual ou inferior a 7.500 euros anuais*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta para poder pór en marcha esta iniciativa*
- *A oferta na rede autonómica de escolas infantís Galiña Azul para o curso 2014/2015 será de 8.750 prazas, un 61,14 por cento máis que en abril de 2009*

As familias cunha renda *pér cápita* igual ou inferior a 7.500 euros anuais terán unha exención total de cota a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil da Rede Galiña Azul da Xunta a partir deste mes de setembro. Para que esta iniciativa, da Consellería de Traballo e Benestar, poida poñerse en marcha, o Consello da Xunta vén de aprobar hoxe a modificación do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta. Así mesmo, os menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar poderán beneficiarse tamén desta actuación na exención do pagamento.

Esta modificación forma parte do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, aprobado no Parlamento de Galicia o ano pasado co obxectivo de acadar a rexeneración demográfica de Galicia. Este documento recolle ata 69 medidas para actuar de maneira eficaz, sustentable e coordinada mediante un conxunto de estratexias de carácter transversal para atallar o problema da demografía na Comunidade Autónoma.

A exención no pagamento a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola infantil forma parte das actuacións recollidas neste plan, que están destinadas especificamente a apoiar as familias e, especialmente, a aquelas persoas que deciden ter dúas ou máis fillas ou fillos, xa que estas familias son as que están a facilitar o relevo xeracional establecido en 2.1 filla ou fillo por muller en idade fértil.

En definitiva, esta modificación pretende buscar un apoio real para as familias, eximindo aquelas que teñen máis dun fillo ou filla na mesma escola e ás acolledoras do pagamento da cota correspondente. Esta actuación tamén forma parte da Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016 que promove accións para mellorar a situación das familias galegas.

Esta iniciativa, ademais, inscríbese na aposta da Xunta por facilitar ás familias a conciliación da vida familiar e laboral. Así, nos últimos anos, o Goberno galego está a poñer en marcha novos centros en cada inicio do curso escolar. Para o curso 2014-



2015 ofértanse 8.750 prazas, o que supón con respecto a abril de 2009 un incremento do 61,14 por cento.

Ademais da oferta pública en escolas infantís, a Xunta oferta o cheque infantil para preto dun millar de familias que se queden sen praza na rede pública. Trátase dunha axuda económica para axudar estas familias a financiar a escola privada que escollan.

Na actualidade, as prazas sustentables con fondos públicos (escolas da Xunta, municipais, de iniciativa social subvencionadas e o cheque infantil) ascenden a 19.201 en Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARÍA ISABEL CONCHEIRO RODRÍGUEZ-SEGADE NOVA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- ***María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade substitúe no cargo a Alfonso García Magariños***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade como nova secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar, en substitución de Alfonso García Magariños. Nacida en Ordes (A Coruña) o 14 de xuño de 1983 e licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña, María Isabel Concheiro ocupou distintos cargos de letrada na Administración galega.

No 2012 e 2013 foi letrada adscrita ao Gabinete Xurídico Territorial de Lugo, asumindo no 2013 a xefatura do gabinete. Dende xaneiro deste ano ata a actualidade ocupou o posto de letrada adscrita ao Gabinete Xurídico Territorial de Santiago de Compostela. Esta ordense é funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia – subgrupo 1- , na escala de letrados.

A nova secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural e do Mar desempeñou funcións de asesoramento en dereito, representación e defensa en xuízo en todo tipo de procesos xudiciais como letrada da Xunta de Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DO MEXILLÓN E DO BERBERECHO DE VILANOVA DE AROUSA

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***Con esta declaración, a comunidade conta xa con 105 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa do Mexillón e do Berberecho de Vilanova de Arousa que cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico regulado no capítulo III do citado decreto, valoráronse por parte da Comisión de Valoración as solicitudes presentadas de acordo cos requisitos de antigüidade mínima de dez anos, singularidade e orixinalidade así como o seu arraigamento popular e o seu valor cultural. Ao tempo, a comisión ten en conta criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran a celebración e o coidado da contorna paisaxística, urbana e monumental.

A festa celébrase a segunda semana do mes de agosto no concello pontevedrés de Vilanova de Arousa. A súa celebración data de 1994 e a súa singularidade vén determinada porque o mexillón e o berberecho son dous produtos que constitúen a base da industria local e parte da súa historia a través das conserveiras, de aí tamén o seu arraigamento popular e a participación dos veciños, que dan a coñecer o seu traballo e a gastronomía local a todos os visitantes.

A declaración comportará a súa inscrición autonómica no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 105 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional.



A XUNTA HOMOXENEZA UNIFORMES, ACREDITACIÓNS, DISTINTIVOS E INSIGNIAS DO PERSOAL DE PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA

- *As agrupacións disporán de catro anos de prazo para adaptarse aos cambios establecidos a partir da entrada en vigor do decreto ca súa publicación no DOG*
- *Esta imaxe corporativa única e homoxénea constituirá un símbolo identitario perante a cidadanía*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto do decreto que regulará a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de Protección Civil inscritas no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, para que esta imaxe corporativa única e homoxénea constitúa un símbolo identitario perante a cidadanía galega.

O goberno galego decidiu que debido á existencia na actualidade dun importante número de efectivos dedicados a estes labores e transcorrido tempo desde a entrada en vigor da Lei de emerxencias de Galicia, seguindo coas súas directrices, é necesario proceder a regular e homoxeneizar a acreditación do persoal voluntario das AVPC, da súa uniformidade e distintivos externos que axuden a súa identificación e visibilidade ante a sociedade e tamén ante os demais corpos actuantes nas emerxencias, como colaboradores da protección civil e das emerxencias con formación e profesionalidade.

O decreto establece tamén a imaxe corporativa das AVPC, a sinalización exterior e interior de oficinas ou dependencias, os elementos de configuración externa e o deseño das condicións de marcación e rotulación dos equipamentos de mobilidade a disposición do persoal dos servizos municipais de protección civil, e os grupos de emerxencia supramunicipais.

Acreditación

O persoal voluntario das AVPC deberá seguir un curso de formación básica, organizado ou homologado pola Xunta de Galicia, co fin de obter a acreditación precisa para o exercicio da súa función. A superación do devandito curso dará dereito á obtención do carné de persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e de xestión de riscos e de emerxencias de Galicia.

O currículo do curso de formación básica será un compendio de coñecementos básicos en protección civil, prevención e extinción de incendios, primeiros auxilios, comunicacións e riscos, repartido en horas teóricas e prácticas e será deseñado e impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública, organismo da Xunta de Galicia con competencias nesta materia, e será quen de expedir os diplomas correspondentes.



Os voluntarios de protección civil contarán, ademais, cun carné identificativo cunha fotografía, un número de identificación, a agrupación e o concello ao que pertence, o logo da Xunta e o escudo de protección civil.

Uniformidade

As AVPC dotarán o seu voluntariado, no desenvolvemento das súas actividades como tal, da vestimenta adecuada de acordo ao establecido neste decreto. As pezas de uniformidade previstas neste decreto deberá utilizalas o persoal voluntario de protección civil e os servizos profesionalizados de protección civil municipal, cando, en relación con estes últimos, o concello correspondente o determine.

A vestimenta do persoal voluntario das AVPC estará constituída por dous modelos de uniforme, tendo en conta as diferentes circunstancias nas que desenvolven as súas funcións e actividades, como o uniforme de faena ou traballo e o uniforme de representación e gala.

Nas actuacións que supoñan especial risco tales como incendios, risco químico, estar en contacto con determinadas substancias perigosas ou nocivas, pode determinar que os actuantes teñan que levar, necesariamente, outra indumentaria de intervención, que cumpra cos parámetros de visibilidade e seguridade establecidos na normativa vixente para os efectos, adaptándose este tipo de pezas, no posible, á estética regulada neste decreto.

A vestimenta contará tamén cunha serie de insignias e distintivos que varían segundo o persoal pertenza á escala básica, á executiva ou á escala superior. Os uniformes estipulados tan só deberán utilizalos o persoal voluntario de protección civil e durante o desempeño do seu traballo como tal.

Distintivos e insignias

Continuando coa homoxeinización da uniformidade do persoal voluntario, é necesario regular os tipos e uso dos seus distintivos, que son os que permitirán o seu recoñecemento a través do seu grao, escala e AVPC de pertenza.

Así, o decreto considera tamén como insignias os escudos de protección civil, do concello onde radique a sede da AVPC e as insignias que levarán as pezas do uniforme son o escudo do concello na manga dereita, o escudo de Galicia na manga esquerda e o escudo de protección civil, co nome da AVPC e o concello onde radique esta, no lado esquerdo do peito e nas pezas de cabeza.

Mobilidade

No que atinxe aos equipos de mobilidade (xa turismos, furgonetas, todoterreos, motos, embarcacións,...) tamén deberán cumprir coas características e especificacións



técnicas, xa que a través desta regulación a cidadanía recoñece os servizos de protección civil e emerxencia e visibiliza elementos que teñen que ver coa prevención de riscos e coa intervención nas emerxencias, conseguindo transmitir seguridade á poboación.

A partir da entrada en vigor do decreto, as agrupacións de voluntarios de protección civil disporán dun prazo de catro anos para adaptarse e incorporar os cambios establecidos.



A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,3 MILLÓNS DE EUROS, A MESMA CANTIDADE QUE EN 2013

- ***A Administración galega cumpre co compromiso de contribuír ao sustentamento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas, como establece a Lei 4/2002***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. O apoio económico da Xunta ao Concello de Santiago para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma ascende a 2.297.550 euros, a mesma cantidade que en 2013.

A Administración galega cumpre así co seu compromiso de contribuír ao sustentamento dos servizos derivados da condición que ten atribuídas Santiago de capitalidade de Galicia e sede das institucións autonómicas.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar dos gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.



Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.



A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 276.000 EUROS PARA A EXECUCIÓN DUNHAS ACTUACIÓNS QUE COMPLETARÁN E MELLORARÁN A REDE DE SANEAMENTO DE CURTIS

- *Este proxecto recolle a execución dun novo colector de augas residuais na rúa Pilar Pena, que recollerá as augas residuais deixando o colector unitario existente para as augas pluviais*
- *Proxéctanse tamén 2 colectores para a recollida das augas residuais na zona baixa da estación de ferrocarril, un deles terá unha lonxitude de 37,98 metros e 4 pozos de rexistro, e outro cunha lonxitude de 13 metros e un pozo de rexistro*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Curtis para a execución das actuacións complementarias na rede de saneamento deste municipio coruñés.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe de máis de 276.000 euros para a execución destas actuacións de carácter hidráulico. Neste caso, a Consellería de Medio Ambiente financia o 100 % destas obras complementarias.

A Xunta de Galicia, mediante a realización destes traballos, pretende completar e arranxar a rede de saneamento do Concello de Curtis, mellorando así o funcionamento da estación depuradora de augas residuais (EDAR). Así, a depuradora será obxecto dunha optimización do gasto de enerxía, executando unha rede separativa, co beneficio ambiental que isto comporta.

Cómpre lembrar que a Administración Hidráulica executou durante estes últimos anos unha serie de actuacións para renovar e mellorar a rede de saneamento do concello de Curtis. Recentemente executouse a obra de reforma da rede de saneamento, de xeito que se separan as augas pluviais das fecais que se estaban enviando á EDAR.

Características técnicas

Este proxecto recolle a execución dun novo colector de augas residuais na rúa Pilar Pena, que recollerá as augas residuais deixando o colector unitario existente para as augas pluviais. Terá 168,78 ml de tubaxe e 5 pozos de rexistro.

Proxéctanse tamén 2 colectores para a recollida das augas residuais na zona baixa da estación de ferrocarril, serán de PVC e 315 mm de diámetro, un deles terá unha lonxitude de 37,98 m e 4 pozos de rexistro, e outro cunha lonxitude de 13 m e un pozo de rexistro. As augas serán impulsadas a través dun pozo de bombeo de polietileno prefabricado, dunha bomba de 1,7 kw cada unha. Executarase tamén unha impulsión de tubaxe de polietileno de 63 mm e 6 atmosferas de presión cunha lonxitude de 39,36 m.



Recóllese a reposición de firmes nas rúas Mestre E. Fariña e Rosalía de Castro en todo o largo da calzada.



A XUNTA AUTORIZA DOUS NOVOS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 105 MILLÓNS NOS CONCELLOS DE FRIOL, BEARIZ E FORCAREI

- *O eólico Friol situarase neste municipio lucense e contará con 7 aerogeradores que suman 21 MW e producirán máis de 76.000 MW/h ao ano*
- *A infraestrutura de Paraño Oeste, situada entre o concello pontevedrés de Forcarei e o ourensán de Beariz, disporá de 17 aerogeradores e 50MW con capacidade para producir preto de 133.000 MW/ano*
- *Con estes, no que vai de ano, téñense aprobado 7 parques do concurso, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego e Pico Seco, acadando un total de 179 MW e un investimento de máis de 244 millóns*
- *A través dos seus plans industriais asociados, as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado entre os anos 2011 e 2013 un total de 850 millóns de euros e xerado 1.800 empregos*

O Goberno galego segue a traballar na reactivación do sector eólico en Galicia no escenario enerxético actual. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe dous novos parques do concurso galego que consideran un investimento conxunto de máis de 105 millóns: o eólico de Friol, situado neste concello lugués, e o de Paraño Oeste, que se sitúa entre os municipios de Beariz (Ourense) e Forcarei (Pontevedra).

O eólico de Friol, promovido por Enebro Renovables, S.L.U., estará composto por 7 aerogeradores que, cunha potencia total de 21 MW, producirán máis de 76.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual duns 18.000 fogares galegos. Pola súa banda, o parque de Paraño Oeste, que desenvolverá a mercantil Torre de Hércules SL, sumará 17 aerogeradores cunha potencia de 50MW. Neste caso, estímase que a produción de enerxía anual se aproximará aos 130.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo por exercicio de máis de 30.000 familias.

Cómpre salientar que as dúas instalacións superan as 2.600 horas de vento anual, chegando, no caso de Friol, ás 3.600 horas, supondo un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía así como polo impulso do concurso eólico.

Ademais, a adxudicación do parque Paraño Oeste a Torre de Hércules S.L. no concurso eólico leva aparelado o desenvolvemento por parte da empresa da ampliación da rede de fibra óptica da empresa de telecomunicacións R a máis de 190 núcleos de poboación de 95 concellos galegos. A través dos seus plans industriais asociados, as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado entre os anos 2011 e 2013 un total de 850 millóns de euros e xerado 1.800 empregos.



Con estas dúas infraestruturas téñense autorizado xa 7 parques do concurso no que vai de ano, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego e Pico Seco. Os 7 parques suman un total de 179 MW e un investimento conxunto de máis de 244 millóns de euros en máis dunha ducia de concellos galegos.

Cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, activáronse distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector que dinamizan a posta en marcha de proxectos.

Así, aprobouse a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións de parques; e facilítase o desestimento total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso, co obxectivo de que os proxectos viables saian adiante.

Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que, por medio do canón eólico, se recadaron xa máis de 91 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, os novos proxectos suporán unha importante fonte de financiamento para os concellos de Friol, Beariz e Forcarei que se poderán beneficiar da recadación obtida do mencionado canon.



AS AXUDAS Á ETAPA POSDOUTORAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN POSIBILITAN QUE 236 DOUTORES COMPLETEN A SÚA FORMACIÓN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 20 MILLÓNS DE EUROS

- *Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que mantén liñas anuais de axudas ás etapas predoutoral e posdoutoral e para a captación de talento nas universidades*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á terceira convocatoria destas bolsas, ao abeiro das que os beneficiarios realizan un período formativo no estranxeiro posibilitando ao seu retorno o seu reingreso nunha universidade do SUG cun ano máis de contrato*
- *O obxectivo é dar continuidade ao labor científico que os investigadores están a desenvolver mellorando a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitando a súa posterior volta a Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á terceira convocatoria de axudas á etapa posdoutoral, unha liña creada no 2012 pola actual Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co fin de dar continuidade ao labor científico que desenvolven os investigadores do Sistema Universitario de Galicia. Así, nunha clara aposta polo ensino universitario como motor de desenvolvemento e polo talento dos investigadores galegos, o departamento educativo da Xunta de Galicia posibilita - a través das 2 convocatorias realizadas e da que se publicará en breve- que 236 doutores completen a súa formación, ben no estranxeiro, ben nalgunha universidade do SUG, cun investimento total de máis de 20 millóns de euros nas 3 convocatorias. Esta liña de axudas enmárcase no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C), e sitúa Galicia como unha das poucas comunidades autónomas que mantén liñas anuais de axudas ás etapas predoutoral e posdoutoral e para a captación de talento nas universidades; mentres que outras CCAA suprimiron ou reduciron de forma drástica este tipo de convocatorias.

O obxectivo destas axudas é fomentar que as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) contraten persoal doutor co obxecto de mellorar a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitando, ademais, o seu reingreso nunha universidade do SUG cun ano máis de contrato.

Requisitos, contía e financiamento

Nesta terceira convocatoria haberá 61 prazas, repartidas en dúas modalidades. Nunha delas, a consellería financiará un máximo de 50 axudas cunha retribución bruta anual variable en función dos países onde o persoal doutor desenvolva as súas estadías. Nos dous anos de estadía a dotación mínima do programa oscilará entre os 34.000 euros e os 40.000 euros, para cada unha das axudas en función dos países de destino. No ano de contrato retorno á retribución equipárase coa dos investigadores en activo do



Programa Isidro Parga Pondal e supón un total de 35.200 euros por axuda outorgada. Nestas cantidades está incluído un seguro de accidentes, responsabilidade civil e cobertura médica de cada unha das persoas seleccionadas nos períodos de permanencia fóra do país.

Poderán solicitar estas axudas as universidades do SUG que presenten aspirantes e contraten este persoal doutor por un período de tres anos para a súa formación especializada no estranxeiro e nas propias universidades. Cómpre salientar que todo o período se desenvolverá baixo a modalidade de contrato segundo o solicitado á consellería polas tres universidades e de acordo co sinalado pola Lei da ciencia.

Na outra modalidade poderanse conceder un máximo de 11 axudas dirixidas a persoal investigador do Programa Isidro Parga Pondal do Plan INCITE (convocatorias de 2010), co fin de procurarlles continuidade a súa traxectoria investigadora posdoutoral no ámbito autonómico. Nesta modalidade financiarase un máximo de dous anos nunha universidade do SUG cun máximo de 35.200 euros por cada axuda.

Os seleccionados, no contexto deste programa, deberán superar un proceso de avaliación intermedio e outro final de acordo con criterios de excelencia científica que, no caso de que o superen, os habilitará para acceder a unha segunda fase de axudas posdoutorais de dous anos de contrato nunha universidade galega para continuar coa súa formación e permitir a reversión na Comunidade Autónoma do investimento realizado no seu día e do capital de coñecemento adquirido.



A XUNTA IMPULSA O EMPRENDEMENTO GALEGO APOIANDO 70 NOVOS PROXECTOS QUE MOBILIZARÁN 9 MILLÓNS DE EUROS

- *O programa Galicia Emprende duplica o número de iniciativas apoiadas na anterior convocatoria*
- *Un de cada tres proxectos aprobados desenvólvese en zonas con plans Impulsa, sumando preto do 50% do importe total das axudas concedidas*
- *O sector alimentario, o comercio ou os servizos son algunhas das áreas de actividade das iniciativas, que permitirán a creación de máis de 160 empregos*
- *Mediante esta liña foron aprobadas nos últimos anos máis de 200 proxectos, que supoñen a mobilización de investimentos por 30 millóns de euros*

A Xunta impulsa a posta en marcha de 70 novos proxectos de emprendedores ou empresas de recente creación que supoñen investimentos por preto de 9 millóns de euros en iniciativas que permiten a creación de máis de 160 empregos en Galicia. Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria vén de resolver apoios por máis de 2 millóns de euros do programa Galicia Emprende cos que se desenvolven estas iniciativas, en áreas de actividade como o sector alimentario, o comercio polo miúdo, o ocio ou os servizos.

As axudas concedidas dentro deste programa, que se enmarca na Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, consideraron maior valoración e unha intensidade superior de axuda para os proxectos localizados nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como na Costa da Morte. Un de cada tres proxectos aprobados correspóndense a estas zonas con plans Impulsa, que suman preto do 50% do importe total das axudas concedidas.

Os proxectos de investimento que veñen de ser aprobados abranguen actividades no sector alimentario, o comercio polo miúdo, o ocio ou os servizos. Ademais, máis da metade das iniciativas apoiadas dentro deste programa, deseñado para impulsar a posta en marcha de proxectos de nova creación ou a consolidación temperá de iniciativas empresariais, están promovidos por autónomos.

Dentro do forte estímulo ao emprendemento que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, o programa Galicia Emprende apoia este ano o dobre de proxectos que na convocatoria anterior. Desde o 2009 lévanse concedido mediante esta liña axudas directas por máis de 7 millóns de euros para mobilizar investimentos por 30 millóns de euros que levan aparellada a creación e consolidación de máis de 500 postos de traballo.

No marco da nova Lei do emprendemento, o Goberno galego está a reforzar os instrumentos de impulso aos emprendedores galegos, que contan con servizos,



asesoramento e apoio integral para a posta en marcha, a consolidación e o crecemento dos seus proxectos, que se achegan a través da Unidade Galicia Emprende.

Dentro do programa integral de financiamento *Galicia 1000*, inclúense fondos de capital risco específicos para os novos emprendedores –especialmente o Fondo Galicia Emprende, creado ao abeiro da nova lei–, así como microcréditos e préstamos bonificados nos seus xuros para apoiar os investimentos dos autónomos, dos emprendedores e das novas pemes.



A ESTRATEXIA DE BIOMASA ACTIVARÁ EN GALICIA UNHA INDUSTRIA CAPACITADA PARA FIXAR EMPREGO NO RURAL E QUE ABRANGUE TODA A CADEA DE VALOR DO PRODUTO

- *O plan, do que se informa no Consello da Xunta tras ser consensuado cos axentes dos sectores implicados, comprende 4 eixos de actuación: o incremento da demanda, a innovación tecnolóxica e o impulso económico, a calidade, e a formación e divulgación*
- *Perséguese poñer en valor o monte galego cunha industria que xerará máis de 1.000 empregos no rural, contribuirá a profesionalizar a xestión forestal e mellorará a prevención de incendios*
- *Aspírase a acadar unha diminución anual do consumo de combustibles derivados do petróleo próxima ao 14%, o que suporá un aforro de 70 millóns de euros por exercicio e evitará a emisión á atmosfera de 240.000 toneladas de CO2 ao ano*
- *Para incrementar a demanda, promoveranse iniciativas de district heating -redes de subministración- nos concellos galegos e no complexo de San Caetano, financiaranse proxectos no sector agroalimentario, e impulsarase a implantación de caldeiras en familias, empresas e a propia Administración*
- *Priorizaranse os apoios a proxectos de innovación para o desenvolvemento da tecnoloxía ligada á explotación da biomasa*

O Goberno galego, co obxectivo de aproveitar na súa política enerxética as características naturais das que dispón Galicia, pon en marcha a Estratexia Integral de Impulso da Biomasa 2014-2020 que incentivará o consumo práctico deste combustible con fins térmicos. Deste xeito, activarase unha verdadeira industria con capacidade para fixar emprego no rural e que abrangue toda a cadea de valor do produto, desde que sae do monte ata os diferentes puntos de subministración.

Así, o plan, do que se informou hoxe ao Consello da Xunta tras ser consensuado cos diferentes axentes dos sectores implicados, despregarase a través de catro eixos de actuación centrados no incremento da demanda, na innovación tecnolóxica e no impulso económico, na aposta pola calidade e na formación e divulgación. O obxectivo final é potenciar unha activade económica que empregue do mellor xeito posible uns dos recursos enerxéticos autóctonos de Galicia, contribuindo á xeración de riqueza e emprego no ámbito rural, á profesionalización da xestión forestal e á prevención de incendios.

Neste sentido, a activación da Estratexia fomentará o emprego da biomasa entre particulares, empresas galegas e Administración pública, xerando máis de 1.000 postos de traballo e aspirando a acadar unha diminución anual do consumo de combustibles derivados do petróleo próxima ao 14%, o que suporá un aforro de 70 millóns de euros



por exercicio. Cifras que teñen, tamén, a súa correspondencia ambiental, xa que deste xeito se evitará a emisión á atmosfera de máis de 240.000 toneladas de CO₂ por ano.

Catro eixos de actuación

Para acadar estes obxectivos, a Estratexia prevé distintas actuacións que se encadran nos seus catro eixos de desenvolvemento. Así, no primeiro deles, que persegue o incremento da demanda, recóllense a realización de diferentes proxectos singulares, entre os que destacan iniciativas de *district heating* para a promoción destas redes de subministración de enerxía xerada con biomasa.

Deste xeito, fomentaranse as ditas instalacións entre os concellos galegos ao tempo que se desenvolverá un proxecto singular no complexo de San Caetano, instalando unha rede de enerxía térmica que cubrirá a demanda dos seus edificios. Refórzase así o papel exemplarizante que xa está a xogar a Administración, especialmente a través do Sergas co proxecto Ecospital a través do que está a instalar caldeiras de biomasa nos hospitais de Ferrol e Santiago e nos comarcas de Barbanza, Verín, Calde, Burela e Monforte de Lemos, que permiten un aforro económico dun 40% con respecto aos equipos anteriores.

Así mesmo, fomentarase o uso da biomasa no sector agroalimentario galego mediante un convenio de colaboración coa Secretaría de Estado de Enerxía que permitirá a elaboración dun estudo sobre as súas potencialidades, ademais de financiarse 3 proxectos que impulsarán o seu emprego nesta industria en substitución dos combustibles fósiles.

Tamén na procura do incremento da demanda, seguirán a desenvolverse programas para a implantación de caldeiras de biomasa entre empresas, particulares e a propia Administración, na liña do que xa se está a levar a cabo este ano e que permitirá a realización de preto de mil caldeiras. Neste contexto, cómpre salientar que nos últimos anos 5 anos, grazas á liña de impulso das enerxías renovables promovida polo Inega, se teñen implantado xa en Galicia case 1.500 caldeiras.

O segundo eixe de actuación da Estratexia céntrase na innovación tecnolóxica e no impulso económico. Neste campo, o CIS Madeira xogará un importante papel transferindo coñecemento ao sector de cara á posta en marcha de proxectos industriais. O centro impulsará tamén un programa de apoios á innovación mediante incentivos á contratación de servizos de asesoramento e asistencia técnica. Esta aposta acompañarase desde o Igape, dotando dunha maior intensidade de apoio aos proxectos que introduzan a biomasa como actividade preferente; e desde a Axencia Galega de Innovación, prestando especial atención aos proxectos innovadores cando estean destinados á mellora tecnolóxica empresarial do sector forestal.



Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar desenvolverá nos próximos anos distintas liñas de actuación encamiñadas a apoiar unha xestión forestal sustentable e multifuncional, susceptibles de ser empregadas no fomento do aproveitamento da biomasa. Deste xeito, impulsaranse programas que fomentarán a modernización da silvicultura ou o investimento en tecnoloxías forestais.

En terceiro lugar, a Estratexia busca poñer en valor a orixe e a calidade da biomasa galega. Para isto estableceranse os mecanismos necesarios que garanten a rastrexabilidade do produto. Ao mesmo tempo, a Consellería do Medio Rural e do Mar establecerá a figura do xestor da biomasa forestal, capacitado para realizar accións de recollida, transporte, almacenaxe ou procesamento para a valorización enerxética da biomasa.

Por último, o cuarto punto da Estratexia atende a formación e a divulgación. Neste contexto, crearase o Foro da Biomasa que analizará e diagnosticará o desenvolvemento do plan e propor medidas de apoio aos problemas detectados. Así mesmo, apoiaranse iniciativas de sensibilización e difusión de coñecementos técnicos e boas prácticas entre os consumidores e outros axentes.

Todas estas actuacións teñen como finalidade implementar unha industria con capacidade para aproveitar o elevado recurso forestal con que conta Galicia, e que presenta claras vantaxes para as economías familiares e para o tecido produtivo galego. Non en van, a instalación dunha caldeira de biomasa nunha vivenda unifamiliar permite aforros económicos próximos aos 1.000 euros anuais en comparación a unha de gasóleo, cifra que ascendería a case 13.000 euros no caso dun edificio de sector servizos, e a 130.000 euros nunha industria que instale unha caldeira de biomasa con capacidade de abastecer a súa demanda térmica.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN INVESTIRÁ EN 4 ANOS MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NA RESTAURACIÓN DA CATEDRAL DE SAN MARTIÑO DE OURENSE

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que recolle as actuacións xa realizadas, as que están en execución e as previstas para os vindeiros meses neste templo*
- *Estas novas actuacións contan cun orzamento de máis de 460.000 euros que servirá para recuperar a portada medieval, limpar a fachada norte e o acondicionamento do patio; e que se une ao preto de 1,1 millóns dos traballos xa realizados desde 2011 ou que están agora en execución*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá no período 2011-2015 máis de 1,5 millóns de euros nas obras de restauración da Catedral de San Martiño de Ourense. Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no que se inclúen tanto as actuacións xa realizadas como as que están en execución, e as previstas para os vindeiros meses.

En concreto está previsto acometer nos vindeiros meses a recuperación da portada medieval e limpeza da fachada norte, así como as melloras para o acondicionamento do patio que se encontra entre a nave da catedral e o edificio de Coengos. Ademais, acaba de adxudicarse a restauración da pintura do muro norte do nártex, que completa as melloras xa realizadas neste espazo. En conxunto estas actuacións supoñen un investimento superior aos 460.000 euros que, sumados aos preto de 1,1 millóns de euros dos traballos xa rematados ou que están en execución, suman o devandito investimento superior aos 1,5 millóns desde 2011.

Desta forma a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa conservación do patrimonio ourensán, que quedou ademais demostrado na propia cidade das Burgas cunha achega de 87.000 euros para a rehabilitación da Capela dos Remedios, así como noutras intervencións que se están a realizar en diversos bens históricos en toda a provincia.

Melloras rematadas ou en execución

As actuacións xa realizadas ou en execución recollidas no informe comprenden tanto a restauración do órgano maior da Catedral, coa desmontaxe de todas as pezas, limpeza, consolidación e tratamento destas; como as medidas tomadas para a detectar as humidades no cruceiro do templo. Así mesmo, recuperouse a policromía e o esplendor do conxunto pétreo do Pórtico do Paraíso, a pintura do muro sur do nártex dedicada á 'Imposición da casulla a San Ildefonso' e o retablo da virxe de Belén, neste mesmo espazo; uns traballos que se van completar agora coa recuperación da pintura de San Cristovo do muro norte do nártex.



Por outra banda, estase iniciando xa a segunda fase de restauración das cubertas da catedral, na que se actúa sobre da cabeceira da basílica, sobre as ábsidas da xirola e muros e estruturas contiguas, incluíndo a capela do Santo Cristo. Esta actuación dá continuidade aos traballos de limpeza, impermeabilización e reparación desenvolvidos previamente nas zonas nas que se detectaran patoloxías, principalmente na terraza da sancristía e nas cubertas da torre norte e das naves do cruceiro.

Cómpre sinalar, ademais, que xa están moi avanzadas as obras de recuperación da Capela de San Xoán, grazas ás que en breve se poderá volver abrir ao público este espazo, tras as actuacións realizadas sobre as vidreiras, o retablo, os paramentos exteriores e interiores, así como no patín norte.



O 98,6% DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO DE GALICIA TEÑEN A CUALIFICACIÓN DE APTAS

- ***No ano 2013 realizáronse 1.572 inspeccións sanitarias e controis analíticos neste eido***

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade executa o Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa Comunidade dende hai varias décadas. O desenvolvemento deste programa durante o pasado ano foi satisfactorio, tal e como informou a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez na reunión do Consello da Xunta desta mañá.

Durante o ano 2013, as analíticas de vixilancia sanitaria das zonas de abastecemento censadas dentro do Programa de Vixilancia de augas de consumo humano deron como resultado que o 98,6% correspóndense cunha cualificación de auga apta para o consumo. Ademais, realizáronse máis inspeccións sanitarias e control analítico na vixilancia sanitaria que no ano 2012 (1.572 no pasado ano fronte ás 1.504 realizadas en 2012)

O obxectivo de cara aos vindeiros anos é seguir realizando actuacións para mellorar a calidade dos abastecementos e da auga do consumo humano, incluídas as súas infraestruturas.

Cómpre sinalar que os abastecementos clasifícanse en prioridade alta, media ou baixa en función de diversos factores -poboación abastecida, calidade da auga ou posibles perigos diagnosticados asociados a un abastecemento, entre outros-. Tendo en conta as prioridades establecidas no programa de vixilancia, o 49% do total correspóndese con abastecementos de prioridade baixa, o 42% con abastecementos de prioridade media e o 9% con abastecementos de prioridade alta. Subliñar que, con respecto ao 2012, a porcentaxe de abastecemento con prioridade media e baixa aumentou, diminuíndo os abastecementos de prioridade alta.

Funcionamento

O sistema de vixilancia que se establece dentro deste Programa está orientado a identificar e valorar os factores que poidan presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano, co fin de poder xestionalos para diminuír o risco de enfermidade asociada ao consumo de auga. Como xa se sinalou, para a implantación deste sistema de vixilancia realízase a clasificación dos abastecementos -prioridade alta, media baixa-, sobre a base das súas características, para poder dar prioridade ás actuacións, optimizando a súa efectividade e garantindo a eficiencia.



As actuacións dentro do Programa establécense nunha dobre vía, por unha parte, a inspección sanitaria dos abastecementos -que inclúe unha inspección documental e estrutural do abastecemento, xunto coa recollida de mostras de auga-; e, por outra parte, a vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos, coa determinación do cloro libre residual e a realización de analíticas de mostras de auga. A frecuencia da inspección e de determinación analítica establécese pola prioridade que ten cada una dos abastecementos.

A actuación ante os incumprimentos consiste na comunicación por parte da xefatura territorial da Xunta ao concello e/ou xestor do incumprimento para que adopte as medidas correctoras precisas e confirme o incumprimento. Dende a xefatura ademais realizarase o seguimento e tomará as medidas que considere necesarias para salvagardar a saúde dos usuarios, así como a adopción doutras medidas por incumprimento da normativa sanitaria vixente.



O SERGAS DESTINARÁ AO REDOR DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE CAMBRE

- *A súa superficie total será superior a 1.600 m²*
- *O seu prazo previsto de execución é de 15 meses*

O Servizo Galego de Saúde destinará ao redor de 2,5 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde do Temple, no concello coruñés de Cambre, nunha parcela cedida polo Concello e que ten unha superficie superior aos 1.600 m². Este novo centro dará servizo a unhas 7.856 persoas, das que 6.655 son maiores de 14 anos e 1.201 están en idade pediátrica.

A obra enmárcase no Plan de desenvolvemento rural sustentable (PDRS 2010-2014) cofinanciado con fondos do Estado nun 50 por cento, e o seu prazo previsto de execución é de 15 meses.

O programa funcional destas instalacións distribúese en tres plantas (soto, planta baixa e planta primeira) e inclúe unha área médica con dez consultas, unha área pediátrica con tres consultas, fisioterapia e salas polivalentes. Ademais contará cunha área de Administración cun arquivo e outros servizos comúns.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, o que dará unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste concello.

Ademais, este proxecto enmárcase dentro da Estratexia Sergas 2014, de modernización das infraestruturas sanitarias e da rede de atención primaria co obxectivo de mellorar a asistencia prestada aos cidadáns así como o contorno de traballo dos profesionais

